

## **ORDENANZA FISCAL N.º 4.-REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.**

### **Artigo 1º .-Fundamento legal.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establecece a taxa por expedición de documentos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 2º .-Feito imponible.**

1.-Constitúe o feito imponible a taxa da actividade administrativa de tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e expedientes dos que entenda a administración ou as autoridades municipais.

2.-Entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que sexa provocada por un particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non medie solicitude expresa do interesado.

3.-Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais así como as consultas tributarias. Os expedientes de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera clase e os relativos á prestación de servicios ou realización e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal.

### **Artigo 3º .-Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou teñan interese na tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### **Artigo 4º .-Responsables.**

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5º .-Exencións subxectivas.**

Estarán exentos da presente taxa os contribuíntes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que soliciten documentos administrativos para aportar ós servicios de asistencia social.
- Que obtiveran beneficio de xustiza gratuíta, no que respecta ós documentos administrativos que estean directamente relacionados co procedemento xudicial no que se declare o dereito.

### **Artigo 6º .-Cota tributaria.**

1.-A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, sinalada segundo a natureza do documento ou expediente a tramitar de acordo coa tarifa contida no artigo seguinte.

2.-A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado.

3.-As cotas resultantes por aplicación da tarifa incrementarase nun 50 por 100 cando os interesados soliciten con carácter urxente a tramitación dos expedientes que motiven a retribución.

### **Artigo 7º .-Tarifas.**

A tarifa á que se refire o artigo anterior estruturase nos seguintes epígrafes:

1.-Certificacións e informes expedidos pola Secretaría ou Alcaldía:

- Sobre datos relativos a padróns e expedientes vixentes: 1,20 euros.

- Sobre datos relativos a expedientes concluídos e padróns anteriores ó vixente: 3 euros.

- Sobre datos relativos a expedientes con máis de 5 anos de antigüidade: 6 euros.

2.-Certificacións ou informes urbanísticos:

-Se non requiren desprazamento do técnico municipal: 6 euros.

-Se requiren desprazamento do técnico municipal: 30 euros.

3.-Outros documentos:

-Fotocopias de folio A-4: 0,10 euros.

-Fotocopias de folio A-3: 0,20 euros.

-Dilixencia de cotexo: 2 euros.

-Por cada comparecencia ante a Alcaldía para calquera finalidade, con constancia por escrito, solicitada polo interesado: 6 euros.

4.-Para outros expedientes ou documentos non especificados na tarifa aplicaráselle os epígrafes da mesma que resulten análogos.

### **Artigo 8º .-Bonificacións da cota.**

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

### **Artigo 9º .-Retribución.**

1.-Retribúese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.-Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º , a retribución prodúcese cando teña lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

### **Artigo 10º .-Declaración e ingreso.**

1.-A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.-Os escritos recibidos que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderán dárseles curso sen que emende a deficiencia, a tal fin requirirase ó interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas

correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.-As certificacións ou documentos que expida a administración municipal en virtude de oficio de Xulgado ou Tribunais para toda clase litixios, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

**Artigo 11º .-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.